

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

14.31135.- ENCARGO Á EMPRESA TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., COMO MEDIO PROPIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, DAS ACTUACIÓNS DERIVADAS DA RESTAURACIÓN AMBIENTAL DA XUNQUEIRA DE ALBA. (Expte.2021064404)

Visto o informe-proposta emitido conxuntamente polos Servizos de Arquitectura e de Asistencia Intermunicipal, que é do seguinte teor literal:

*“Os técnicos que subscriben, no exercicio das competencias que teñen asignadas e de acordo co disposto no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emiten o seguinte*

#### INFORME-PROPOSTA

##### ANTECEDENTES DE FEITO

*Primeiro. A protección do medio ambiente responde a un dos alicerces dentro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030, sendo un dos eixes que completan o aspecto social e o económico do desenvolvemento.*

*Na anterior axenda baseada nos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, a protección do medio estaba enmarcada no Obxectivo 7: garantir a súa sustentabilidade. Na Axenda 2030, sen embargo, a protección do medio ambiente non se establece como un obxectivo específico, senón como un fin transversal presente na maioría dos obxectivos e é o fundamento dunha das 5 P nas que se basea a axenda, en concreto a acción a favor do Planeta: protexelo contra a degradación, mesmo mediante o consumo e a produción sustentables, a xestión sustentable dos seus recursos naturais e medidas urxentes para facer fronte ao cambio climático, de maneira que poida satisfacer as necesidades das xeracións presentes e futuras.*

*Tamén a Constitución Española de 1978 consagra no seu artigo 45 o dereito fundamental de todas/os a desfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. Os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.*

*De acordo co mandato constitucional, as Administracións Públicas deben dar exemplo no relativo ao respecto ao medio ambiente en todas as súas vertentes, sendo unha delas a recuperación de espazos naturais seguindo o criterio de que non deben estar nesta abicación as instalacións que non estean relacionadas directamente co dominio público marítimo terrestre e que poidan trasladarse a outro emprazamento.*



*Segundo. En relación co anterior, o equipo de goberno da Deputación de Pontevedra xurdido tralas eleccións do ano 2015, tivo sempre entre os seus principais obxectivos a recuperación ambiental da “Xunqueira de Alba”, contorna natural situada entre os ríos Léréz e Rons e declarado o primeiro Espazo Natural de Interese Local (ENIL) de toda Galicia no ano 2012, na que se emprazan as instalacións do Parque de Maquinaria e da Imprenta Provincial en virtude dos títulos concesionais outorgados no seu día polas Administracións competentes e prorrogados sucesivamente ata o de agora.*

*Dende entón, e para cumprir devandito obxectivo, leváronse a cabo numerosos traballos de campo e de carácter técnico, sendo os máis relevantes os seguintes:*

*-Estudo para a recuperación ambiental da zona da Xunqueira redactado en setembro de 2019; documento inicial sobre o que se fixaron as bases de traballo, as directrices de actuación e os investimentos previstos para devolver a parcela que ocupa o Parque de Maquinaria ao seu estado natural, así como prever as alternativas de posible ampliación do ámbito de restauración; liñas de actuación para conseguir a restauración ambiental do Dominio Público Marítimo Terrestre nesta zona da Xunqueira do Río dá Gándara, ocupada polo Parque de Maquinaria (coa posibilidade de ampliar a outras parcelas como a Imprenta Provincial).*

*-Adxudicación á empresa Urbing Proyectos de Urbanismo e Ingeniería Civil S.L. (RP nº 2021001177/data 26 de febreiro de 2021) da asistencia técnica para a redacción do proxecto de restauración da Xunqueira de Alba: demolición do parque de maquinaria e recuperación ambiental da parcela.*

*-Adxudicación á empresa PROYFE S.L. (RP nº 2021001800/data 8 de abril de 2021) da asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución do traslado do parque central de maquinaria ao polígono de Barro (Fase I para a restauración ambiental da zona da Xunqueira)*

*Á vista destes traballos previos realizados, do último prazo de prórroga concedido e a disposición dos terreos no Polígono de Barro para a nova localización do Parque de Maquinaria, faise necesario executar as seguintes actuacións, intimamente relacionadas entre si, destinadas á restauración ambiental en conxunto da zona da Xunqueira de Alba:*

*1- Demolición da Imprenta e rexeneración ambiental da parcela na que se abica (proxecto de actuacións redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación-CSV Z9S9V26HDRMUKN9B)*

*2-Traslado do Parque de maquinaria ao Polígono de Barro (proxecto de execución elaborado por PROYFE S.L.- CSV OEBZS8YTU4ZIS5ND)*

*3-Demolición das edificacións e instalacións existentes no terreo onde se abica o Parque de Maquinaria, incluíndo a retirada e xestión de residuos, e recuperación ambiental da zona, mediante achega de terras, plantacións arbóreas, reposición de camiños e dotación de novas instalacións e equipamentos de uso público (proxecto de execución elaborado por URBING SL.-CSV 11YEP1XOS0V89O00)*



*Tendo en conta a envergadura técnica das obras a acometer, o interese público que persegue esta actuación directamente relacionada coa protección do medio ambiente e a necesidade de abordar de xeito conxunto e sen solución de continuidade todas as actuacións proxectadas, unido á materialización dos principios de eficiencia e eficacia que deben rexer as actuacións das Administracións Públicas, considerase necesario e oportuno encargar á empresa TRAGSA S.A., como medio propio da Deputación Provincial de Pontevedra, todas as actuacións implícitas e derivadas deste proxecto integral da restauración ambiental da Xunqueira de Alba; sendo preciso analizar a continuación se as mesmas teñen encaixe no obxecto social de TRAGSA e se dito encargo cumpre co principio de eficiencia de gastos fronte a unha posible licitación pública.*

### **VIABILIDADE DE ENCARGAR A EXECUCIÓN DESTAS ACTUACIÓNS Á EMPRESA TRAGSA S.A COMO MEDIO PROPIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.**

*A Disposición Adicional 24ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) pola que se regula o réxime xurídico da Empresa de Transformación Agraria, S.A. S.M.E., M.P., (TRAGSA) e Tecnoloxías de Servizos Agrarios, S.A. S.M.E., M.P. (TRAGSATEC), establece no apartado segundo que TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC terán a consideración de medios propios personificados e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabildos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poderes adxudicadores, sempre que se cumpran os requisitos da LCSP.*

*O apartado terceiro establece que as Comunidades Autónomas, as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, os Cabildos e Consellos Insulares, as Deputacións Forais do País Vasco e as Deputacións provinciais deberán participar no capital desta sociedade mediante a adquisición de accións cuxo alleamento será autorizado polo Ministerio de Facenda e Función Pública a iniciativa do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.*

*Unha vez que a Deputación Provincial de Pontevedra formalizou a súa participación no capital social de TRAGSA, en virtude da escritura de compravenda elevada ante o Sr. Notario do Ilustre Colexio de Notarios de Madrid, D. José Rivas Guardo, e asinada polas partes en data 11 de abril de 2018, aquela constitúese como medio propio personificado da Administración Provincial, nos termos da Disposición Adicional 24 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), en relación co artigo 32 da LCSP, sobre encargos dos poderes adxudicadores a medios propios personificados.*

*O apartado 1 da Disposición Adicional 24ª da LCSP dispón o seguinte:*

*“La «Empresa de Transformación Agraria, S. A., S. M. E., M. P.» (TRAGSA), y su filial «Tecnologías y Servicios Agrarios, S. A., S. M. E., M. P.» (TRAGSATEC), tienen por función entre otras, la prestación de servicios esenciales en materia de desarrollo rural, conservación del medioambiente, adaptación y mantenimiento de aplicaciones informáticas, control sanitario animal, atención a emergencias, y otros ámbitos conexos, con arreglo a lo establecido en esta disposición.”*



*Así mismo, o apartado 4 da citada Disposición Adicional sinala textualmente:*

*“TRAGSA y su filial TRAGSATEC prestarán, por encargo de las entidades del sector público de los que son medios propios personificados, las siguientes funciones:*

*a) La realización de todo tipo de actuaciones, obras, trabajos y prestación de servicios agrícolas, ganaderos, forestales, de desarrollo rural, de conservación y protección del medio natural y medioambiental, de acuicultura y de pesca, así como los necesarios para el mejor uso y gestión de los recursos naturales. Igualmente podrán llevar a cabo la realización de todo tipo de actuaciones para la mejora de los servicios y recursos públicos, siempre y cuando no impliquen el ejercicio de autoridad inherente a los poderes públicos incluida la ejecución de obras de conservación o enriquecimiento del Patrimonio Histórico Español en el medio rural, al amparo de lo establecido en el artículo 68 de la Ley 16/1985, de 25 de junio, del Patrimonio Histórico Español.*

*b) La actividad agrícola, ganadera, animal, forestal y de acuicultura y la comercialización de sus productos, la administración y la gestión de fincas, montes, centros agrarios, forestales, medioambientales o de conservación de la naturaleza, así como de espacios y de recursos naturales.*

*c) La promoción, investigación, desarrollo, innovación, y adaptación de nuevas técnicas, equipos y sistemas de carácter agrario, forestal, medioambiental, de acuicultura y pesca, de protección de la naturaleza y para el uso sostenible de sus recursos.*

*d) La fabricación y comercialización de bienes muebles para el cumplimiento de sus funciones.*

*e) La prevención y lucha contra las plagas y enfermedades vegetales y animales y contra los incendios forestales, así como la realización de obras y tareas de apoyo técnico de carácter urgente.*

*f) La financiación, en los términos que se establezcan reglamentariamente, de la construcción o de la explotación de infraestructuras agrarias, medioambientales, y de equipamientos de núcleos rurales, del desarrollo de sistemas informáticos, sistemas de información frente a emergencias y otros análogos, así como la constitución de sociedades y la participación en otras ya constituidas, que tengan fines relacionados con el objeto social de la empresa.*

*g) La planificación, organización, investigación, desarrollo, innovación, gestión, administración y supervisión de cualquier tipo de servicios ganaderos, veterinarios, de seguridad y sanidad animal y alimentaria.*

*h) La recogida, transporte, almacenamiento, transformación, valorización, gestión y eliminación de productos, subproductos y residuos de origen animal, vegetal y mineral.*

*i) El mantenimiento, el desarrollo, la innovación y la adaptación de equipos y sistemas informáticos que den soporte a las diferentes administraciones.*



*j) La realización de tareas para las que se le requiera por la vía de la urgencia o de emergencia, o actividades complementarias o accesorias a las citadas anteriormente.*

*TRAGSA y su filial TRAGSATEC también estarán obligadas a satisfacer las necesidades de las entidades del sector público de las que son medios propios personificados en la consecución de sus objetivos de interés público mediante la realización, por encargo de los mismos, de la planificación, organización, investigación, desarrollo, innovación, gestión, administración y supervisión de cualquier tipo de asistencias y servicios técnicos en los ámbitos de actuación señalados en el apartado anterior, o mediante la adaptación y aplicación de la experiencia y conocimientos desarrollados en dichos ámbitos a otros sectores de la actividad administrativa.*

*Asimismo, TRAGSA y su filial TRAGSATEC estarán obligadas a participar y actuar, por encargo de las entidades del sector público de las que son medios propios personificados, en tareas de emergencia y protección civil de todo tipo, en especial, la intervención en catástrofes medioambientales o en crisis o necesidades de carácter agrario, pecuario o ambiental; a desarrollar tareas de prevención de riesgos y emergencias de todo tipo; y a realizar actividades de formación e información pública en supuestos de interés público y, en especial, para la prevención de riesgos, catástrofes o emergencias.”*

*Nos mesmos termos, pronúnciase o artigo 2 dos estatutos sociais de TRAGSA.*

*Por iso, en atención ás funcións e ao obxecto social de TRAGSA, debe concretarse se as diferentes actuacións a realizar pola Deputación Provincial de Pontevedra no presente expediente poden ser executadas polo citado medio propio.*

*Pois ben, partindo da premisa de estamos ante serie de actuacións relativas á protección do medio ambiente, intimamente relacionadas entre si e que é necesario abordar en conxunto e sen solución de continuidade, entendemos viable o seu encargo á empresa TRAGSA S.A. con encaixe nas letras a), f) y b) da disposición adicional 24ª da LCSP, en relación co disposto no artigo 32 da citada Lei e nos artigos 2 e 23 da Lei 45/2007, de 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural; todo iso no entendemento que a finalidade de todas as fases de actuación contempladas é a rexeneración ambiental da Xunqueira de Alba, sendo, como se indicou anteriormente, a función primordial das sociedades do Grupo TRAGSA a prestación de servizos esenciais en materia de conservación do medio ambiente e a realización de obras de conservación e protección do medio rural e ambiental.*

*No que se refire á comprobación de se este encargo cumpre co principio de eficiencia do gasto fronte á licitación pública (e sen prexuízo de lembrar que o disposto no artigo 86.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público non é aplicable ás entidades locais en virtude do establecido na Disposición final 14), sinalar que a posibilidade de acudir a esta figura configúrase no ordenamento xurídico como unha manifestación da potestade de auto organización das entidades públicas, sen que poida predicarse en contra nin o seu carácter excepcional nin que acudir a esta figura poña en dúbida os principios previstos na lexislación sobre contratos.*



*En relación á potestade de auto organización das entidades do sector público, a mesma predícase de forma clara e indubidable, tanto no artigo 31 como no artigo 32 da LCSP.*

*No artigo 31 establécese que as entidades do sector público poderán cooperar entre si mediante sistemas de cooperación vertical consistentes no uso de medios propios personificados no sentido e cos límites establecidos no artigo 32 para os poderes adjudicadores, precepto este último que reconece o dereito dos poderes adjudicadores a organizarse executando de maneira directa prestacións propias dos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obras e concesión de servizos, a cambio dunha compensación tarifaria, valéndose doutra persoa xurídica distinta deles, xa sexa de dereito público ou de dereito privado. É dicir, como se indica na propia exposición de motivos e nos artigos 31 e 32 da LCSP, os encargos son supostos de execución directa polo que, unha elemental observación dos principios de eficacia e sustentabilidade do sector público, levan á obriga dos poderes adjudicadores de utilizar os medios de que dispoñen.*

*Por outra banda, non é necesario comprobar a eficiencia do gasto encargo a encargo senón que, no caso de TRAGSA, a mesma se verifica no momento de creación como medio propio; neste sentido son ilustrativas as Resolucións do Tribunal Administrativo Central de recursos contractuais nº 120/2019 e 814/2019, que sinalan ao respecto:*

*“Cabe añadir que la justificación de la mayor eficiencia del encargo frente a la contratación pública, o de la concurrencia de razones de seguridad o urgencia a las que se alude, de forma alternativa, en el artículo 86.2 de la LCSP, aparece referida al momento previo a de la creación del medio propio, sin que resulte exigible que una u otra circunstancia se acredite en cada encargo singular que se confiera al medio propio, siendo así que los requisitos de los encargos concretos que se efectúen a los medios propios se regula en el artículo 32.6 de la LCSP, que nada dice al respecto...”*

*“...Ahora bien, al contrario de lo que afirma la recurrente, el artículo 86 LRJSP no se refiere a los requisitos de cada encargo singular a un medio propio, sino que contempla los requisitos necesarios para la creación de un medio propio. La declaración de medio propio y servicio técnico es previa a la formalización de un encargo individualizado, siendo requisito sine qua non para ésta última. En este sentido el artículo 32.6 a) LCSP incluso dispone que “Los encargos que realicen las entidades del sector público a un ente que, de acuerdo con los apartados segundo, tercero o cuarto de este artículo, pueda ser calificado como medio propio personificado del primero o primeros, no tendrán la consideración jurídica de contrato, debiendo únicamente cumplir las siguientes normas: a) El medio propio personificado deberá haber publicado en la Plataforma de Contratación correspondiente su condición de tal; respecto de qué poderes adjudicadores la ostenta; y los sectores de actividad en los que, estando comprendidos en su objeto social, sería apto para ejecutar las prestaciones que vayan a ser objeto de encargo...”*

*La regulación de los requisitos de los encargos concretos e individuales que se efectúen a los medios propios se desarrolla en la LCSP (artículo 32 en nuestro supuesto), que no contempla la justificación de la idoneidad y eficiencia de cada encargo individualizado, sin que sus preceptos hayan sido invocados en el desarrollo de este motivo de impugnación. Fruto de ello, dicha justificación no se encuentra entre la información a suministrar preceptivamente a través de la Plataforma de Contratación del Sector Público conforme al artículo 63.6 LCSP antes analizado.*



*En consonancia con lo expuesto, el informe sobre la eficacia y eficiencia de la “encomienda de gestión encargada a TRAGSA” de 16 de noviembre de 2018 que obra en el expediente remitido como documento número 15 ha de reputarse con una mera eficacia explicativa, dado que la figura que nos ocupa tiene naturaleza de encargo en los términos previamente aludidos (...)*

*Todo iso significa que non se pode esixir, e non atopa soporte legal, que en cada uns dos encargos verifíquese o cumprimento dos requisitos establecidos no punto 2 do artigo 86 da LRJSP. Devanditos requisitos han de cumprirse polo medio propio personificado de maneira xeral para obter dita condición, sen prexuízo de que se lle someta a un control periódico para comprobar que segue cumprindo cos citados requisitos. Este criterio é así mesmo mantido pola Avogacía Xeral do Estado, no informe 52/21, de 7 de maio, no que sinala:*

*“...La justificación, encargo por encargo, de que la utilización de este instrumento es preferible, por ventajosa, sobre el contrato resultaría coherente si no existiese la exigencia de que se constate, al tiempo de la declaración de medio propio de una determinada entidad y como exigencia básica para ello, que su configuración como tal y de forma global –para una pluralidad sucesiva e indefinida de encargos comprendidos en su objeto– es más eficaz que la utilización de la contratación; existiendo tal exigencia, y esto es precisamente lo que establece el artículo 86 de la LRJSP, carece de sentido la justificación de la conveniencia de cada encargo sobre el contrato...”*

*Particularmente, con relación a TRAGSA e TRAGSATEC, estas dispoñen fehacemente de tal acreditación dado que, con data de 13 de novembro de 2017, a IXAE emitiu o informe previsto no artigo 86.3 sobre a declaración de medio propio e servizo técnico de ambas as sociedades sinalándose textualmente:*

*“C. Análisis respecto del resto de condiciones establecidas por el artículo 86 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público.*

*C.1 El recurso al encargo sea una opción más eficiente que la contratación pública y resulta eficaz y sostenible en términos de rentabilidad económica.*

*Se acredita mediante declaración responsable de 13 de septiembre de 2017 emitida por la Presidenta de la Sociedad, así como mediante un informe aportado por la entidad, comparativo de las tarifas 2017 con el mercado, en el que se concluye que las tarifas de TRAGSA se encuentran un 7,76% por debajo del coste total de ejecución del mercado .*

*C.2 El recurso al encargo resulta sostenible con criterios de rentabilidad económica.*



*Se acredita mediante declaración responsable emitida por la Presidenta de la Sociedad de fecha de 13 de septiembre de 2017, así como con las cuentas anuales y el informe de gestión correspondientes a 2016 junto con el informe de auditoría emitido por Deloitte, S.L.*

*En la declaración se señala que se aportan las cuentas anuales y el informe de gestión 2016 auditadas “que permitan acreditar tanto la sostenibilidad financiera como la capacidad para financiar compromisos de gastos presentes y futuros dentro de los límites del déficit, deuda pública y morosidad de deuda comercial conforme a lo establecido en la LOEPSF, la normativa sobre morosidad y en la normativa europea. Al mismo tiempo se acredita la sostenibilidad de su deuda comercial, ya que el período medio de pago a los proveedores no supera el plazo máximo previsto en la normativa sobre morosidad.”*

*C.3 Se acredita la concurrencia de razones de seguridad pública o urgencia en la necesidad de disponer de los suministros o servicios de TRAGSA.*

*Se acredita mediante declaración responsable de 13 de septiembre de 2017 emitida por la presidenta de la Sociedad, acompañada de la relación de actividades realizadas por TRAGSA, por razones de seguridad jurídica o urgencia, indicando que, conforme a su régimen jurídico, TRAGSA debe atender con carácter prioritario las actuaciones que se le encomienden que sean urgentes o que se ordene como consecuencia de las situaciones de emergencia que se declaren.*

*Se aporta igualmente la Orden de 26 de enero de 2001 por el que se dispone la integración de TRAGSA y sus filiales en los dispositivos y planes estatales de protección civil..”*

*A maiores do anterior, dende un punto de vista estritamente técnico, a execución de todas estas actuacións de forma independente podería supoñer un risco no seu correcto desenvolvemento, xa que a súa realización por parte de distintos contratistas provocaría unha mais que probable falla de coordinación entre eles, repercutindo negativamente na calidade das actuacións a realizar e nos prazos de execución; disfuncionalidades na operativa a desenvolver moi difíciles de subsanar pola dirección facultativa.*

## *ACTUACIÓNS A DESENVOLVER*

*Xustificada a necesidade e viabilidade do presente encargo, as actuacións a desenvolver aparecen detalladas nos diferentes documentos que acompañan a este informe e que, a modo de resumo, son as seguintes:*

*1. Demolición da Imprenta e de rexeneración ambiental da parcela na que se abica (proxecto de actuacións redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación -CSV Z9S9V26HDRMUKN9B)*

*2-Traslado do Parque de maquinaria ao Polígono de Barro (proxecto de execución elaborado por PROYFE S.L.-CSV OEBZS8YTU4ZIS5ND)*



*3-Demolición das edificacións e instalacións existentes no terreo onde se abica o Parque de Maquinaria, incluíndo a retirada e xestión de residuos, e recuperación ambiental da zona, mediante achega de terras, plantacións arbóreas, reposición de camiños e dotación de novas instalacións e equipamentos de uso público (proxecto de execución elaborado por URBING SL.-CSV 11YEP1XOS0V89O0O)*

#### **PROPOSTA ECONÓMICA**

*No referente ao réxime económico de TRAGSA, hai que aterse ao exposto no apartado 7º da D.A. 24ª da LCSP, que dispón:*

*“El importe de las obras, trabajos, proyectos, estudios y suministros realizados por TRAGSA y por su filial TRAGSATEC se determinará aplicando a las unidades directamente ejecutadas por el medio propio las tarifas correspondientes y, en la forma que reglamentariamente se determine, atendiendo al coste efectivo soportado por el medio propio para las actividades objeto del encargo que se subcontraten con empresarios particulares.*

*Dichas tarifas se calcularán de manera que representen los costes reales de realización y su aplicación a las unidades producidas servirá de justificante de la inversión o de los servicios realizados directamente por el medio propio...”*

*Pola súa banda, o artigo 6 do Real Decreto 69/2019, de 15 de febreiro, polo que se desenvolve o réxime xurídico de Tragsa e de TRAGSATEC, actualmente vixente, establece o seguinte:*

*“1. TRAGSA y su filial TRAGSATEC percibirán por la realización de las obras, trabajos, asistencias técnicas, consultorías, suministros y prestación de servicios que les encarguen las entidades a que se refiere el artículo 2 del presente real decreto, las siguientes compensaciones:*

- a) El importe del presupuesto elaborado de acuerdo con el procedimiento que se señala en los apartados 2, 3, 4 y 5 del presente artículo, en el caso de las unidades o componentes de las mismas directamente ejecutadas por TRAGSA Y TRAGSATEC, lo que servirá de justificante del importe de los costes reales totales de la actuación de que se trate, no siendo necesario aportar ningún otro.*
- b) El importe satisfecho por TRAGSA y TRAGSATEC, ajustado en los términos que se señalan en los artículos 14.4 y 14.5 del presente real decreto, en el caso de las unidades o partes de las mismas ejecutadas por empresarios particulares mediante subcontratación.*

*2. El presupuesto de ejecución material de las actuaciones encargadas a TRAGSA o a su filial TRAGSATEC, será el agregado de las siguientes magnitudes:*

- a) El importe que representen los costes directos totales calculados mediante la aplicación a las unidades de ejecución de las respectivas tarifas fijadas conforme el artículo siguiente, excluidos los costes indirectos y los gastos generales.*
- b) El importe resultante de aplicar sucesivamente a los costes directos totales el porcentaje que representen los costes indirectos y los gastos generales.*

*3. El presupuesto de ejecución por Administración será el resultado de incrementar el presupuesto de ejecución material por la aplicación del porcentaje que represente el IVA o equivalente, así como las tasas y los impuestos que la sociedad estuviere obligada a satisfacer por dicha actuación.”*



A súa vez, o artigo 7.1 do citado Real Decreto dispón que:

“Las tarifas se calcularán de manera que representen los costes reales totales, tanto directos como indirectos, y gastos generales.”

Así pois, por imperativo legal plasmado na D.A. 24ª da LCSP, as sociedades estatais que integran o Grupo TRAGSA deben percibir o importe das actuacións que leven a cabo, o cal vén determinado pola aplicación das tarifas TRAGSA que representan os custos reais de realización.

As tarifas establecidas veñen determinadas pola actualización automática das tarifas oficiais do GRUPO TRAGSA vixentes na actualidade (aprobadas mediante Resolución da Subsecretaría do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do 27/04/2021, BOE núm. 102, do 29/04/2021), segundo as unidades descritas no orzamento.

Respecto aos proxectos de demolición da imprenta e do parque de maquinaria, xunto coa restauración ambiental deses ámbitos de actuación, cabe destacar que conforme ao artigo 7.8. C) da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), en relación co artigo 11, non estarían suxeitos ao citado imposto os servizos prestados en virtude de encargos polos entes, organismos e entidades do sector público que ostenten a condición de medio propio personificado e servizo técnico da Administración Pública que realice o encargo.

En canto ao proxecto de construción do novo Parque de Maquinaria, ao ter a consideración de entrega de bens, si estaría suxeito ao imposto conforme ao sinalado no artigo 7.8.F) en relación co disposto no artigo 8 da Lei do IVE.

Á vista do anterior, tendo en conta os orzamentos contemplados nas memorias valoradas e nos diferentes proxectos de básicos e de execución que figuran no expediente administrativo da súa razón, TRAGSA fai un retarifado de conformidade co establecido na D.A. 24ª da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e no R.D. Decreto 69/2019, de 15 de febreiro, nos termos expostos anteriormente.

A proposta económica do medio propio TRAGSA S.A. para todas as actuacións ascende a un importe de 3.623.999,96 €, resumido a continuación:

#### DEMOLICIÓN DA IMPRENTA E DE REXENERACIÓN AMBIENTAL DA PARCELA NA QUE SE ABICA

(Proxecto redactado polo enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación - CSV: Z9S9V26HDRMUKN9B)

#### ORZAMENTO RETARIFADO (CSV: ZAN5FGN47UVGF5VZ)

Concepto	Importes
CUSTOS DIRECTOS TOTAIS	239.832,23
7,5% Custos Indirectos	17.987,42
6,25% Gastos Xerais (s/257.819,65)	16.113,73
TOTAL ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	273.933,38
TOTAL ORZAMENTO PARA ADMINISTRACIÓN	273.933,38



TRASLADO DO PARQUE DE MAQUINARIA AO POLÍGONO DE BARRO  
 (Proxecto de execución elaborado por Proyfe S.L. - CSV:OEBZS8YTU4ZIS5ND)

ORZAMENTO RETARIFADO (CSV: 5ZO51AJ39OIUGSHQ)

Concepto	Importes
CUSTOS DIRECTOS TOTAIS	1.656.044,14
7,5% Custos Indirectos	124.203,31
6,25% Gastos Xerais (s/ 1.780.247,45)	111.265,47
TOTAL ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	1.891.512,92
21% IVE	397.217,71
TOTAL ORZAMENTO PARA ADMINISTRACIÓN	2.288.730,63

PROXECTO DE DEMOLICIÓN DO PARQUE DE MAQUINARIA E  
RECUPERACIÓN AMBIENTAL DA ZONA  
 (Proxecto de execución redactado por Urbing - CSV: 11YEP1XOS0V89000)

ORZAMENTO RETARIFADO (CSV: 4E2IWCE0X8GDV64R)

Concepto	Importes
CUSTOS DIRECTOS TOTAIS	929.213,41
7,50 %Custos Indirectos	69.691,01
6,25 %Gastos Xerais (s/ 998.904,42)	62.431,53
TOTAL ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	1.061.335,95
TOTAL ORZAMENTO PARA ADMINISTRACIÓN	1.061.335,95

Nos orzamentos para execución dos traballos, se detallan os cadros de prezos unitarios, auxiliares, descompostos, os orzamentos parciais con medicións e o resumo do orzamento.

Certificacións, abono facturas e recepción obras.

Mensualmente estenderase a certificación ou se realizará o correspondente acto formal e positivo de recepción ou conformidade das unidades executadas, con expresión das realizadas desde o seu comezo e a súa correspondente valoración.

O importe dos traballos realizados incluídos en cada certificación ou recepción será abonado polo poder adxudicador que confira o encargo no prazo do trinta días seguintes á data da aprobación da certificación ou recepción que acredite a realización total ou parcial da actuación de que se trate, sen prexuízo do disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.



*Finalizada a actuación realizarase a súa comprobación e, cando cumpra, a súa recepción nos termos legalmente establecidos, estendéndose o documento correspondente e procedendo á súa liquidación no prazo do tres meses seguintes*

*Excesos de medición no caso de obras*

*De acordo co disposto no artigo 11.6 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, poderán introducirse variacións sobre o inicialmente encargado sen necesidade de previa aprobación cando estas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que no representen un incremento do gasto superior ao 10% do primitivamente previsto.*

*Modificación do encargo*

*Posibilitarase a modificación do encargo como consecuencia dunha posible modificación do proxecto, sen que aquela, de acordo cos prezos unitarios-segundo tarifa-nos que se descompón o orzamento do medio propio, poida superar a porcentaxe do 20% da cantidade fixada inicialmente.*

*Subcontratación*

*Na orde se especificará a imposibilidade de subcontratación dos traballos en porcentaxe superior ao 50%, coas excepcións contempladas no artigo 32.7 da LCSP.*

## FINANCIAMENTO E DURACIÓN DO ENCARGO

*O custo do presente encargo, que ascende a 3.623.999,96 euros, afrontarase con cargo ás aplicacións 21/457.1709.651.09 e 21.457.4509.622.09 do vixente Orzamento Provincial.*

*O encargo á empresa TRAGSA, como medio propio da Deputación Provincial de Pontevedra, establécese polo período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa o presente encargo.*

*Por outra banda, as actuacións obxecto de encargo poden ser financiadas con fondos europeos de conformidade co disposto na Orde HFP/1979/2016, de 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020, en relación co disposto no apartado 6 do artigo 10 do Real Decreto 69/2019, de 15 de febreiro, que establece o seguinte:*

*“En los encargos cuyo objeto pueda ser financiado total o parcialmente por Fondos Europeos o cualesquiera instrumentos financieros de la Unión Europea, la documentación de formalización del encargo deberá especificar el desglose que el poder adjudicador requiere a la Sociedad, de modo que tanto en las certificaciones de ejecución que emitan los directores de los trabajos, como en las facturas y documentos justificativos que expida el medio propio, exista el desglose suficiente que permita identificar los costes elegibles acorde con la legislación nacional y comunitaria de aplicación.”*



## FORMALIZACIÓN DO ENCARGO

*De acordo co disposto na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, Tragsa e a súa filial Tragsatec estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que se lle encomenden de entre as materias relacionadas nos apartados 4 e 5; a súas relacións coa Deputación, da que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, teñen natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da Lei, polo que, a todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.*

*A comunicación efectuada pola Deputación de Pontevedra encargando unha actuación a algunha das sociedades do grupo suporá a orde para iniciala, sen prexuízo da observancia do disposto no artigo 32.6.b), debendo unicamente formalizarse en documento que será publicado no perfil do contratante da Deputación ao superar o encargo o importe de 50.000,00 euros (artigo 63.6 da Lei 9/2017).*

## CONCLUSIÓN

*Á vista das razóns de oportunidade, necesidade, interese público, eficacia e eficiencia descritas con anterioridade, infórmase favorablemente o encargo á empresa TRAGSA S.A., como medio propio da Deputación de Pontevedra, de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba.”*

Vista a nota de conformidade, de data 23 de decembro de 2021, emitida polo Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, de acordo co disposto no artigo 3.4 do R.D.128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación ao informe proposta anteriormente transcrito.

Visto o informe da Dirección de Asesoría Xurídica e Cumprimento Legal do grupo TRAGSA relativo á viabilidade da execución das actuacións de rexeneración ambiental da Xunqueira de Alba por parte do citado medio propio, no que se conclúe o seguinte:

*“ 1.- Las actuaciones objeto del presente informe, cuya finalidad es la regeneración ambiental de la xunqueira de la marisma, pueden ser ejecutadas por el citado medio propio personificado.*

*2.- La realización de un encargo a un medio propio personificado no exige acreditar individualizadamente para el referido encargo que el medio propio sea una opción más eficiente que la contratación pública, y que resulta más sostenible o eficaz, o que concurran razones de seguridad pública o urgencia, en cuanto que la concurrencia de los requisitos establecidos en el artículo 86 de la LRJSP debe verificarse en el momento de la declaración de una entidad como medio propio, no encargo a encargo. Y en el caso de TRAGSA queda patente*

*esa condición expresamente reconocida por ley en la Disposición Adicional Vigésima Cuarta de la LCSP.*

*3.Las actuaciones objeto de encargo pueden ser financiadas con fondos europeos”*



Vistos os pregos de prescricións técnicas (CSV:WDICFPFAXHS2ISFR) e os orzamentos retarifados das actuacións obxecto do presente encargo (Demolición imprenta-restauración ambiental zona CSV:ZAN5FGN47UVGF5VZ/ Traslado parque maquinaria CSV: 5ZO51AJ39OIUGSHQ/ Demolición parque maquinaria-restauración ambiental zona CSV4E2IWCE0X8GDV64R).

Visto o informe da Intervención favorable á tramitación do presente expediente no que se fai constar que as aplicacións orzamentarias propostas, 21/457.4509.622.09 e 21/457.1709.651.09, considéranse correctas realizándose as correspondentes operacións de retención de crédito por importe de 2.288.730,63 € e 1.335.269,33 € respectivamente, documentos Rc. núm. 202100243884 e 202100243896.

Vistos os informes favorables de supervisión dos proxectos da actuación conxunta de restauración ambiental da Xunqueira de Alba emitidos polo Servizo de Arquitectura.

A vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar os proxectos da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, conforme ao seguinte detalle:

1- Proxecto de demolición da Imprenta e rexeneración ambiental da parcela na que se abica (CSV:Z9S9V26HDRMUKN9B)

2-Proxecto de execución de traslado do parque de maquinaria ao Polígono de Barro (CSV:OEBZS8YTU4ZIS5ND)

3-Proxecto de execución de demolición das edificacións e instalacións existentes no terreo onde se abica o Parque de Maquinaria, incluíndo a retirada e xestión de residuos, e recuperación ambiental da zona, mediante achega de terras, plantacións arbóreas, reposición de camiños e dotación de novas instalacións e equipamentos de uso público (CSV:11YEP1XOS0V89O0O)

Segundo. Encargar á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P, como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, nos termos expostos no informe conxunto do Servizo de Arquitectura e de Asistencia Intermunicipal, con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa o presente encargo, de conformidade cos pregos de prescricións técnicas, os orzamentos retarifados e os proxectos anteriormente descritos que obran no expediente administrativo da súa razón.



O importe das prestacións parciais que o medio propio poida contratar con terceiros non excederá do 50% do importe do encargo, coas excepcións contempladas no artigo 32.7 da LCSP.

Terceiro. O custo do presente encargo, que ascende a 3.623.999,96 euros, afrontarase con cargo ás aplicacións 21/457.1709.651.09 e 21.457.4509.622.09 do vixente Orzamento Provincial.

Cuarto. Comunicar o presente encargo á empresa TRAGSA S.A. S.M.E.M.P aos efectos previstos na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Quinto. Publíquese o presente acordo no perfil do contratante da Deputación Provincial de Pontevedra ao superar o encargo o importe de 50.000,00 € (artigo 63.6 da Lei 9/2017, 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación co preceptuado no artigo 32.6.b) do citado texto normativo).

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

*Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.*

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (*artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

